

NOTA DE PRENSA 099/23
11 DE NOVIEMBRE DE 2023

CARBALLO PUXO O PUNTO E FINAL A TEMPADA DE AUTOCROSS AUTONÓMICA

O Autocross de Carballo puxo este sábado 11 de novembro o punto e final a un excitante ano na modalidade autonómica.

A cita coruñesa, a sexta do certame, contou coa presenza de máis de medio cento de participantes que competiron baixo unhas condicións realmente difíciles e que obrigaron a cancelar as finais debido ao mal tempo por seguridade.

Desta forma, os vencedor dentro da categoría I foi Martín Castro, que ademáis conseguiu o título autonómico. A continuación situáronse Javier Lea e Alejandro Martínez.

Antonio López Lence foi o primeiro clasificado nesta derradeira proba do Campionato Galego en Carballo, sumando ademáis os puntos precisos para facerse co cetro autonómico. Acompañárono no podio desta proba David Moreira e Marcos Molinos.

Entre os carcros, Sergio Bastón foi o mellor da extensa lista de inscritos desta carreira, que xuntou a 25 participantes. O segundo clasificado da proba foi Javier Ramilo, que acadou o título, e Daniel Rey.

Por último dentro dos participantes da categoría V reservada aos carcros júnior, primeiro posto e título galego para Diego García que redondeou un fin de tempada sensacional. Iago Rodríguez e Yésica Lorenzo foron segunda e terceiro clasificado, respectivamente